

PAVLOS NIRVANAS

O crime de Psichiko

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

Prólogo

Os xornais matutinos do 13 de agosto de 191... destacaban, a tres columnas, en grandes titulares e con rechamantes subtítulos, esta asombrosa noticia:

A noite de antonte, no barrio de Psychiko¹, perpetrouse un crime atroz que, segundo a información da que dispoñemos, causou unha xustificada conmoción na nosa comunidade, desafeita a delitos deste tipo. Uns obreiros que, por azar, andaban por aquela zona onte ao mediodía, albiscaron no fondo dunha foxa pouco profunda, preto de onde estaban, o corpo sen vida dunha moza. Estaba deitado e cuberto por unha morea de pedras coas que, cabe figurarse, os malfeitores intentaran agochalo. Espantados, os obreiros apresuráronse a dar parte na comisaría máis próxima. Ao pouco, presentáronse no lugar as

¹Arrabalde de Atenas situado a uns 5 quilómetros ao nordeste do centro da cidade, hoxe integrado na municipalidade de Filothei-Psichiko. Historicamente, foi residencia de aristócratas, membros da familia real grega e xente podente. O feito de que a novela estea ambientada neste barrio ten que ver co retrato que fai o autor dalgúns dos personaxes.

autoridades xudiciais e policiais, acompañadas do médico forense da fiscalía.

Do exame preliminar, extraéronse as conclusións que se expoñen a seguir. O máis probable é que o crime se cometese na madrugada da antevéspera. A vítima, unha moza nova e moi fermosa de familia aristocrática, con leves marcas de varíola no rostro, presentaba unha grave ferida no peito, causada por un instrumento afiado que penetrou na rexión cardíaca; a xuízo do forense, a causa da morte. Tiña, ademais, abondosas mancadelas en diversas partes do corpo, así como esfoladuras nas mans e na faciana, o cal leva a pensar que a morte estivo precedida dunha loita entre a vítima e os suíños criminais que, cabe imaxinar, foron varios. Tras realizar unha busca polos arredores da escena, a pouca distancia da vítima apareceu o seu bolso, o cal contiña billetes e moedas por valor de 37,85 dracmas, un pequeno reloxo de ouro, un pano da man sen iniciais, accesorios de cosmética e mais unha tarxeta postal sen escribir, se ben nada disto revelaba a identidade da vítima.

Do achado do diñeiro e o reloxo de ouro dedúcese que o crime non se debeu a motivos económicos. As autoridades calculan máis ben que se trataría dun asunto amoroso. Cabe imaxinar que a malfadada moza foi atraída até o lugar polo seu amante coa escusa de daren un paseo, tras un bocado de diversión nalgún dos locais de ambiente aristocrático da capital. Tal hipótese vese reforzada polo feito de que ía unha

